

Lista de espera para proba diagnóstica

Expediente: I.5.Q/11140/22

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2023

Sr. conselleiro:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de don XXX, respecto da espera por unha proba diagnóstica, con prioridade 3 desde o día 12/03/2021 no servizo de uroloxía do Hospital Provincial de Pontevedra.

ANTECEDENTES

Nesa queixa expoñía o seguinte:

“Desde el 12/03/2021 está en lista de espera para realizarle una prueba médica en el servicio de urología del CHOP de Pontevedra.

En la hoja de inclusión en el registro de pacientes en espera se señala: Diagnóstico URGENCIA Prioridad 3”.

Nin se citou ao paciente nin se lle informou de cal sería aproximadamente o tempo de agarda.

Ante iso requirimos, como vostede sabe, información á Consellería de Sanidade. No informe achegado por dito órgano, indícase o seguinte:

“O Servizo Galego de Saúde establece medidas que garanten uns tempos máximos de acceso para determinadas prestacións sanitarias.

A prioridade da atención establecida segundo o criterio clínico do médico especialista en uroloxía é ordinaria (prioridade 3), polo que co fin de programar a consulta o antes posible iranse citando a os pacientes que teñen esta indicación. Esta citación farase en función da data de solicitude e dos recursos planificados”.

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da administración, cómpre facer as seguintes consideracións:

PRIMEIRA. O interesado está pendente dunha proba diagnóstica a realizar no servizo de uroloxía do Hospital Provincial de Pontevedra, desde a súa inclusión na lista de agarda, o día 12/03/2021. Neste tempo nin se citou ao paciente nin se lle informou sobre os motivos da dilación nin sobre o tempo aproximado de agarda.

SEGUNDA. As listas de agarda son a expresión da tensión existente entre a demanda de servizos sanitarios e a posibilidade de que esta sexa atendida de inmediato cos recursos existentes. Son un elemento común en todos os sistemas sanitarios públicos e universais.

Co fin de alcanzar un tratamento homoxéneo das listas de espera de intervencións cirúrxicas correspondentes aos centros e servizos do Sistema Nacional de Saúde, aprobouse o Real Decreto 605/2003, do 23 de maio, polo que se establecen medidas para o tratamento homoxéneo da información sobre as mesmas. No seu artigo 4.2 sinala que “Cada cidadán terá acceso á información personalizada sobre a espera prevista en relación co seu proceso asistencial, que será proporcionada polo seu servizo de saúde”

TERCEIRA. Informa a Administración que o paciente foi incluído na lista de agarda como *prioridade 3* e, xa que logo, a proba será programada en atención a dita prioridade sen que se pudiera concretar unha data aproximada para ser operada. Nese sentido, sería convinte regular adecuadamente a información dos pacientes sobre a súa situación nas listas de agarda e a evolución das mesmas, a fin de que os interesados poidan controlar a xestión que se realiza delas

O feito de que a petición de realización de dita proba non inclúa a consideración de urxente e que, en consecuencia, permita una certa demora, non significa que os pacientes teñan que someterse a longos tempos de espera para ser atendidos e que deban facelo, ademais, sen coñecer os motivos do retraso das citas.

CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, da Valedora do Pobo, facer chegar a esa Consellería a seguinte **suxestión:**

Que se informe ao interesado da súa situación en lista de espera con indicación, cando menos aproximada, do período de tempo no que previsiblemente levará a cabo a súa proba.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo